

## **A voceira do PSOE en Portomarín destaca o compromiso do Goberno da Deputación cos veciños e veciñas do Concello**

Silvia Rodríguez explica que o organismo provincial ven de aportar case 60.000 euros en subvencións para a execución de melloras por parte das asociacións ou comunidades de veciños de Portomarín

As accións de mellora e acondicionamento englobáanse dentro do Plan de Apoio Rural e do Programa de mellora do abastecemento e da calidade da auga no medio rural

Critica a incapacidade do alcalde popular, Juan Serrano, para negociar coas administracións, o que está a poñer enormes trabas ao progreso do concello e dos seus veciños e veciñas

**PORTOMARÍN, 18 DE FEBREIRO DE 2015.-** A voceira do Partido Socialista de Portomarín, Silvia Rodríguez, subliña o compromiso da Deputación de Lugo coa poboación deste Concello ao aportar case 60.000 euros en subvencións para as asociacións ou comunidades de veciños.

Este investimento supón necesarias e desexadas melloras para os veciños de Portomarín, como as incluídas no Plan de Apoio ao Rural da Deputación e que engloban as seguintes actuacións: a mellora e acondicionamento do firme de camiños en Nespereira, o acondicionamento de pista rural na parroquia de Soengas, o acondicionamento de camiño dos Torros, en Vilariño e a pavimentación camiño rural en San Xulián de Caborrecelle.

A estas actuacións do Plan de Apoio ao Rural da administración provincial cabe engadir a subvención concedida, dentro do Programa de mellora do abastecemento e da calidade da auga no medio rural, á Asociación de Veciños de Vilar-Vilaxuste para o replazo, canalización de abastecemento e arquetas de rexistro.

### **Incapacidade negociadora do alcalde**

Rodríguez explica que “esta é unha mostra do apoio do Goberno da Deputación aos diferentes concellos da provincia á marxe da súa cor política” e subliña, que “é algo que contrasta enormemente co proceder do goberno popular de Portomarín encabezado por Juan Serrano, quen deu sobradas mostras da súa nefasta relación coa administración provincial ao antepoñer a súa soberbia por riba dos intereses dos veciños e veciñas do Concello”.

Segundo a voceira socialista, a actitude do mandatario do PP está a interpoñer obstáculos no benestar da cidadanía de Portomarín. A incapacidade de negociación do Alcalde con outras administracións, como é o caso da Deputación e, incluso, coa Xunta de Galicia, pon un freo aos intentos de mellora nos investimentos que benefician ao Concello. “O Alcalde, coa súa actitude, está a frear o progreso e a mellora de Portomarín e dos nosos veciños e veciñas”, explica Rodríguez.